


### A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE



Fonte: Wikipedia (Impru20) CC BY SA

#### A consolidación da democracia:

#### os gobernos do PSOE 1982-1996

O triunfo en catro eleccións xerais consecutivas permitiron ao PSOE gobernar entre 1982 e 1996 e ao seu secretario xeral, Felipe González, ocupar a presidencia do Goberno. Os éxitos electorais permitiron ao PSOE gobernar en solitario entre 1982 a 1993 e co apoio parlamentario de nacionalistas cataláns e vascos entre 1993 e 1996. O gobernos socialistas caracterizáronse pola moderación

política na liña da socialdemocracia europea.

#### Integración de España na política internacional



Felipe González asina o Tratado de Adhesión á CEE

Imaxe: Goberno de España

Os gobernos socialistas consolidaron definitivamente a presenza de España nos organismos internacionais. O ano 1986 resultou especialmente significativo: España entrou a formar parte da Comunidade Económica Europea e ratificouse a permanencia na OTAN.

- España e a CEE. En 1979, restablecida a democracia, reiniciáronse as negociacións para que España se incorporase á organización europea. O proceso foi lento e complexo, especialmente pola oposición de Francia (temerosa da competencia española na cuestión agrícola), ata concluír na sinatura do Tratado de Adhesión de España ás Comunidades Europeas en xuño de 1985 e a entrada de España como membro de pleno dereito a partir do 1 de xaneiro de 1986.

- España e a Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN/ NATO). Na campaña electoral de 1982, o PSOE prometera a retirada da organización militar se gañaban as eleccións. Unha vez no poder, a posición dos socialistas foi cambiando e, desde a inicial e frontal oposición –OTAN, non–, pasouse a pedir o voto afirmativo a favor da permanencia de España. O referendo celebrouse o 12 de marzo de 1986 cun triunfo do Si (52,6 %), o que permitiu que España confirmase a súa presenza como membro da organización, aínda que non se integraba na súa estrutura de mandos militares nin se permitían armas nucleares en territorio español; ademais, debía reducirse progresivamente a

presenza de forzas norteamericanas en España. As negociacións concluíron coa sinatura dun convenio cos EE UU en 1988 que permitiu a redución de efectivos e instalacións.

### *O Estado do benestar*

---

Durante a etapa dos gobernos socialistas consolidáronse en España os hábitos democráticos establecidos na Constitución (os dereitos e liberdades, a participación cidadá na vida pública, a igualdade entre sexos, a mellora do sistema fiscal...). Paralelamente, aumentaron considerablemente os orzamentos dedicados a gasto social que contribuíron á consolidación do Estado de benestar con medidas como:

- A extensión das prestacións sociais
- Universalización e democratización da educación,
- Reformas dos códigos legais para adaptalos aos mandatos da constitución.

### *Axuste e reactivación económica*

---

Os socialistas levaron a cabo importantes transformacións que permitiron alcanzar niveis de desenvolvemento próximos aos dos países da Europa occidental. Na evolución da economía española no período socialista diferéncianse varias fases:

- Política de axuste. 1982-1985. Estivo determinada pola necesidade de converxer con Europa e de facer fronte ás deficiencias estruturais da economía española, así como pola crise económica herdada de etapas anteriores. A reconversión industrial afectou basicamente os sectores naval, mineiro e siderúrxico, prexudicados pola crise e a competencia estranxeira. Esta reconversión supuxo, nuns casos, o peche de empresas e, noutros, o drástico recorte da súa capacidade produtiva para adaptalas ás novas condicións económicas. Estas medidas incrementaron o desemprego e o desmantelamento industrial afectando especialmente a Ferrol, Asturias, Sagunto e Reinos, onde se produciron numerosas folgas e manifestacións de protesta. Tamén se levou a cabo en 1983 a expropiación e posterior privatización do holding RUMASA co obxectivo de evitar a súa quebra, situación que podía afectar a estabilidade financeira.

- Crecemento económico. 1985-1990. España participou dun contexto internacional en alza que permitiu un crecemento económico importante, incluso superior á media europea (5 % anual). Os ingresos por turismo aumentaron considerablemente; creceu a produción industrial e tamén os beneficios empresariais e o investimento estranxeiro. Conseguiuse un maior control fiscal; as actividades da Bolsa e da Banca aumentaron de modo espectacular, producindo grandes beneficios.

- Recesión. 1991-1993. Estivo causada tanto por problemas internacionais (caída da demanda nos EE UU e en Europa, turbulencias monetarias ...) como internos (elevado déficit público, desequilibrio comercial co exterior, altos tipos de xuro ...) e provocaron a desaceleración da demanda, a caída da produción, o peche de empresas e un forte incremento do desemprego.

- Novo crecemento. 1993-1996. A sinatura do Tratado de Maastricht de 1992 obrigou ao Goberno de España a realizar reformas estruturais de carácter económico para alcanzar os obxectivos marcados pola Unión Europea (estabilidade de prezos e dos tipos de cambio, redución do déficit e débeda pública) que permitisen adoptar a moeda única. Este compromiso provocou o inicio da posta en marcha de

medidas de liberalización que tamén facilitaron a recuperación económica e a renovación das estruturas produtivas.

### *Escándalos e desprestixio socialista*

---

As maiorías absolutas e a escasa oposición política permitían unha alta estabilidade nos gobernos, pero tamén unha considerable redución da vida parlamentaria, cando non un certo desprezo. No inicio dos noventa comezaron os problemas e os escándalos políticos que respondían a diferentes tipos relacionados con:

- Cargos públicos nomeados polo PSOE, persoas que se aproveitaron do seu posto, beneficiáronse de información privilexiada ou incluso malversaron e se apropiaron de fondos públicos. O caso máis grave foi o de Luis Roldán (director xeral da Garda Civil, acusado de malversación de cuantiosos fondos públicos).

- O financiamento dos partidos políticos en España depende dos fondos públicos, estando limitadas as achegas privadas, pero está escasamente regulada e dá lugar a situacións nas que se pode rozar a ilegalidade. Este foi o caso de FILESA, unha trama de empresas que recadaba comisións ilegais para financiar gastos electorais do PSOE, denunciada en 1991.

- O terrorismo de Estado protagonizado polos GAL (Grupos Antiterroristas de Liberación) que actuaron entre 1983 e 1987 con atentados contra ETA e os seus simpatizantes. Foron creados e dirixidos por altos cargos políticos e policiais, aos que procesaron e condenaron en 1998. Cometeron máis de trinta atentados e mataron ou feriron a case sesenta persoas, algunhas sen relación co entorno de ETA.

Ante esta situación, a oposición intensificou as críticas; os nacionalistas cataláns retiraron o seu apoio aos socialistas e as Cortes non aprobaron os orzamentos para 1996, polo que Felipe González decidiu adiantar as eleccións a marzo dese ano.

O Partido Popular, fundado en 1989 a partir de Alianza Popular e outros partidos de centrodereita, gañou as eleccións de marzo de 1996 por maioría simple. O seu líder, José María Aznar, conseguiu o apoio parlamentario de CiU, PNV e Coalición Canaria para formar Goberno. Posteriormente, nas eleccións de 2000 alcanzou a maioría absoluta de escanos nas Cortes. O triunfo desta opción política significaba a consolidación da alternancia democrática en España.



**Ilustración 1** José M<sup>a</sup> Aznar  
(Imaxe Goberno de España)